



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 244/143

Asunto: Liquidación Orzamento 2022

Grupo de consolidación formado por:

Concello de Vigo como entidade Matriz ,
Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo,
Fundación MARCO,
Fundación Convention Bureau,

Competencia para a súa aprobación: Alcaldía-Presidencia

Normativa:

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Regulamento Orzamentario (R.P.), aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (B.O.E. número 101, de 27 de abril.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).
- Orde de Economía e Facenda 3665/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das entidades locais.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012.
- Resolúcións da Alcaldía-Presidencia de Delegación de Competencias de 18 e 26 de xuño de 2019, texto consolidado do 4 de setembro de 2020.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:23	Páxina 1 de 8
244-143	CSV: AFADB8-DD3745-C9EAE8-KZKD4E-J9X5UN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 244/143

PROPOSTA

O orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pagamento de obrigas ao 31 de decembro de cada ano, e porá de manifesto:

- Respecto do Estado de Gastos do Orzamento, e para cada aplicación orzamentaria:

Os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagamentos realizados e os saldos acredores pendentes e pago.

- Respecto do Estado de Ingresos do Orzamento Corrente, e para cada un dos conceptos:

As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados, os ingresos recadados netos e os saldos debedores pendentes de cobro.

- Respecto das operacións do Orzamento pechado, para os ingresos:

As modificacións das previsións, dereitos anulados, dereitos cancelados, recadación e pendente de cobro. En canto ás obrigas, o saldo inicial, as modificacións, pagamentos feitos e obrigas pendentes a 31 de decembro.

Como consecuencia da liquidación, e de acordo co previsto nos artigos 191.2 do TRLRFL e 93.2 do Regulamento Orzamentario, teñen que quedar determinados, polo seu carácter obrigatorio as seguintes magnitudes:

- ✓ Resultado Orzamentario.
- ✓ Remanente de Tesourería.
- ✓ Remanentes de crédito.
- ✓ Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro, do orzamento corrente e pechados.

A Liquidación do Orzamento do ano 2022, arrastra determinados efectos da pandemia da COVID19, xerando un incremento de gasto nas políticas Benestar comunitario (política 16), na política de medio ambiente (17), na política educativa (32), cos gastos extraordinarios en limpeza e desinfección extraordinarias e fundamentalmente na política (23), Servizos Sociais e Promoción Social.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:23	Páxina 2 de 8
244-143	CSV: AFADB8-DD3745-C9EAE8-KZKD4E-J9X5UN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 244/143

Outra situación que ten causa na pandemia, é o acordo adoptado pola Comisión Europea de suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape.

Como consecuencia do devandito acordo, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por maioría absoluta o acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 polo que se solicitaba ao mesmo a apreciación de que España estaba a sufrir unha pandemia, o que supoñía unha situación de emerxencia extraordinaria, co fin de aplicar a previsión constitucional que permite nestes casos superar límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública.

O Pleno do Congreso dos Deputados determinou, o 13 de setembro de 2021, que persistían as condicións de excepcionalidade que xustificaban manter suspendidas as regras fiscais para o ano 2022.

Finalmente, o acordo do Congreso dos Deputados do 22 de setembro de 2022, considerando que en España se manteñen as condicións de excepcionalidade que xustificaban manter suspendidas as regras fiscais en 2023.

Aínda nesa circunstancia, o Goberno fixou unhas taxas de déficit de referencia que serven como orientación e guía, fixando unha previsión de déficit para o ano 2022 do 5%, que tendo en conta o crecemento da economía española no ano 2022 nun 5,5%, moi superior á previsión do propio goberno que estimaba un crecemento do 4,4%, o FMI na súa última proxección estimaba un 5,2%, o panel de FUNCAS o situaba nun 5% e o Banco de España nun 4,6%, parece que o déficit vai ser inferior ao previsto.

O crecemento real da economía española e o aumento tan importante da recadación, van a facer posible non só a consecución do obxectivo de déficit previsto, senón que é probable que que se consiga mellorar o obxectivo, cun déficit que estará máis próximo ao 4% que o 5%.

Taxa de referencia

- Administración Central. Do groso do déficit calculado para o exercicio 2022, 3,9 puntos porcentuais dos 5, corresponderán á Administración Central.
- Comunidades Autónomas, 0,6%.
- Seguridade Social, 0,5%.
- Entidades Locais, teñen que estar en equilibrio.

En consecuencia, o resto das administracións gozan dunha marxe de déficit, mentres as EE.LL, tanto na formación do Orzamento como na Liquidación do ano 2022, terá que estar en equilibrio.

Consecuencia da Liquidación do Orzamento do ano 2022, o Orzamento do ano 2023, vai a ser obxecto no mes de febreiro dunha modificación orzamentaria pola incorporación de remanentes, incorporaranse ao mesmo, todo os investimentos, que estando en trámite, outros en execución que non foron rematados no ano 2022, polo que os compromisos que se derivan pasarán a formar parte cuantitativa do Orzamento do ano 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:23	Páxina 3 de 8
244-143	CSV: AFADB8-DD3745-C9EAE8-KZKD4E-J9X5UN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 244/143

En consecuencia co anterior, o Orzamento do ano 2023, será incrementado con 94.720.436,17 euros, que se corresponde cos créditos de todos os proxectos que están en fase de execución, así como todas aquelas situacións orzamentarias susceptibles de ser incorporadas ao Orzamento do ano 2023.

Os empregos extraordinarios xerados pola incorporación de remanentes, non computarán aos efectos das variables fiscais, por estar en suspenso o pacto de estabilidade e crecemento, consecuencia do mesmo, tamén quedou suspendida a senda de estabilidade e de disciplina fiscal para o período 2020-2023.

En canto ao cumprimento do Obxectivo de Estabilidade e Regra de Gasto, sen prexuízo dos informes que se emitan, en aplicación dos acordos vixentes, non serán obxecto de cumprimento nos anos 2020 - 2022 e 2023, aínda que si, de seguimento, tanto aos efectos de verificar a taxa de referencia como de axuste para a volta a senda de cumprimento a partires do ano 2023.

De acordo ao informe emitido polo Sr. Interventor Xeral Municipal á Liquidación do Orzamento da Entidade Local, o seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións MARCO e CONVENTION BUREAU que forman parte do perímetro de consolidación, sométese o expediente da Liquidación do Orzamento do ano 2022 á aprobación dá Alcaldía-Presidencia, tal e como o preceptúa o artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 90.1 do Regulamento Orzamentario, aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, das que se reflicten as seguintes magnitudes de interese:

Magnitude	Entidade	Consolidados	Grupo SEC-2010
Resultado orzamentario axustado	44.810.481,96	46.190.108,34	
Aforro Neto Legal	51.133.492,41	52.564.584,20	
Remanente Tesourería para G. Xerais	148.178.900,48	162.885.914,45	
Tesourería	163.961.719,08	182.551.226,45	
Fondos Líquidos do RLT	163.282.037,05	188.381.191,45	
Obrigas pendente de pago orzamt. (Corr+pecha.)	5.905.461,85	6.141.735,91	
Acredores pendentes non orzamentarias	16.703.964,33	17.704.754,98	
Dereitos pendentes cobro orzamt.(Corr+pecha	55.010.576,94	56.771.560,95	
Dotación saldos dubidoso cobro	40.858.475,15	42.350.748,51	
Debedores pendentes non orzamentarios	1.117.136,11	1.197.473,06	
Saldo pendente de devolución ingresos	1.080,63	1.201,60	
Estabilidade	5.043.969,73	5.700.086,26	5.827.448,05



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:23	Páxina 4 de 8
244-143	CSV: AFADB8-DD3745-C9EAE8-KZKD4E-J9X5UN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 244/143

Estabilidade Orzamentaria Grupo SEC-2010

Institución	Ingresos	Gastos	AXUSTES			Capac./neces.
	N. Financeiros	N Financeiros	Conta 413	PTE+Liq. 2020	Cap (1,2,3)	
ENTIDADE	292.218.265,01	-270.496.712,52	-3.538.337,17	-10.343.278,53	-2.795.967,06	5.043.969,73
Org. Aut.XMU	7.946.571,14	-7.321.380,20	,00	,00	30.925,59	656.116,53
F. MARCO	994.774,58	-883.137,98	,00	,00		111.636,60
F. C. Bureau	466.500,00	-450.774,81	,00	,00		15.725,19
Total	301.626.110,73	-279.152.005,51	-3.538.337,17	-10.343.278,53	-2.765.041,47	5.827.448,05

Regra de Gasto Grupo SEC-2010

Institución	Liqu. 2021	Liqu.2021	Liqu.2022	Axustes	Liqu.2022	Variación
	(1)	+ TRCPIB (2)	(3)	(4)	Axust. (5)	(5) - (2)
ENTIDADE	217.599.725,28	217.599.725,28	270.496.712,52	-22.826.690,86	247.670.021,66	30.070.296,38
Org. Aut.XMU	5.932.069,09	5.932.069,09	7.321.380,20	-2.019.624,47	5.301.755,73	-630.313,36
F. MARCO	878.657,07	878.657,07	881.601,98	,00	881.601,98	2.944,91
F. C. Bureau	439.839,14	439.839,14	450.774,81	,00	450.774,81	10.935,67
Total	224.850.290,58	224.850.290,58	279.150.469,51	-24.846.315,33	254.304.154,18	29.453.863,60

Variación do gasto non financeiro: 13,1%

Fluxos de tesourería dos entes con orzamento limitativo (Entidade m máis Xerencia de Urbanismo)

Concepto	Entidade	Consolidado
Saldo inicial d tesourería	149.773.963,81	167.764.746,29
Cobros Orzamentarios corrente e pechados	290.292.836,24	292.450.117,97
Pagos Orzamentarios corrente e pechados	-276.528.876,23	-278.275.946,54
Cobros non Orzamentarios	62.899.547,53	66.269.035,74
Pagos non Orzamentarios	-61.877.635,79	-65.092.103,19
Ingresos pendentes de aplicación	-1.277.307,48	-1.243.814,82
Variación entre Saldo Inicial e final das 575	679.191,00	679.191,00
Variación neta	14.187.755,27	14.786.480,16
Saldo final	163.961.719,08	182.551.226,45





CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 244/143

Período medio de pago mensual do grupo

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2022												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	10,31	9,56	8,52	8,60	9,09	10,81	11,19	10,54	11,76	9,67	9,82	8,47
MARCO	39,18	47,63	25,88	22,38	17,60	14,77	5,43	15,25	9,52	5,68	9,89	6,71
XMU	26,13	7,91	7,51	11,43	6,37	8,93	14,58	11,55	10,50	9,88	8,93	8,67
V. C.BUR.	3,86	9,86	9,39	4,74	12,63	12,80	1,83	8,08	3,42	5,34	7,57	4,04
PMP Global	10,91	9,93	8,63	8,71	9,10	10,82	11,19	10,56	11,75	9,64	9,80	8,46

Endebemento grupo

$\% \text{ Endebemento} = (\text{Débeda financeira bancaria pendente de amortizar} / \text{Dereitos Liquidados por operacións correntes dos estados consolidados}) * 100.$

En relación co endebedamento, a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira no seu artigo 13 establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública que se estableza en relación co PIB. Para os anos 2020-2023, están suspendidas o cumprimento das variables fiscais.

Non se estableceu unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, polo resulta de aplicación o límite que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LPGE para 2013.

Dereitos Liquidados axustados por operacións correntes dos estados consolidados unha vez feitos os axustes: 270.136.307,32 euros.

Débeda bancaria pendente de amortizar a 31/12/2022: 0 euros.

Coefficiente de endebedamento a 31/12/2022, 0%.

Conclusiones

Durante o exercicio 2022, da información mensual que se achega dos entes que conforman o perímetro de consolidación, deuse cumprimento ao PMP, resultando unha media para o grupo de 9,96 días, calculado segundo o previsto no Real Decreto 635/2014, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, do que se achega un estado informativo no expediente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:23	Páxina 6 de 8
244-143	CSV: AFADB8-DD3745-C9EAE8-KZKD4E-J9X5UN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 244/143

Se a análise faise exclusivamente para o Concello, o PMP do ano 2022, é de 9,86 días.

Hai cumprimento dentro das sendas previstas, dos obxectivos fiscais, taxa de referencia.

Hai aforro neto positivo, calculado nos termos que establece o artigo 53 do TRLRFL.

Hai Remanente Líquido de Tesourería para gastos Xerais positivo.

Hai Resultado Orzamentario positivo.

Non hai endebedamento con ningunha entidade financeira.

Os Remanentes de crédito que cumpran os requisitos legais regulamentados no artigo 182 do Real Decreto Legislativo 2/2004, serán obxecto de incorporacións de crédito ao orzamento do ano 2023, para o que se tramitará o preceptivo expediente de modificación orzamentaria con suxeición ao previsto no TRLRFL e Bases de Execución do Orzamento.

Da Liquidación do Orzamento do grupo de consolidación darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre en cumprimento do previsto no artigo 193.4 do TRLRFL. Así mesmo, en execución do previsto no art. 193.5 do TRLRFL, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma antes de que finalice o mes de marzo de acordo os procedementos de remisión telemática que están previstos.

En relación cos prazos de remisión, estarase ao previsto na LOEPSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, quedando establecido o calendario na Disposición Final SEXTA das Bases de Execución do Orzamento.

Proposta

PRIMEIRO.- Aprobar a Liquidación do Orzamento do ano 2022 do Grupo consolidado conformado polo Concello de Vigo como entidade Matriz, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, con orzamento limitativo e as Fundacións sectorizadas pola Intervención Xeral da Administración del Estado con orzamento empresarial: MARCO e Fundación Convention Bureau, co detalle das variables que se conteñen na proposta e que serán reproducidas na Resolución.

SEGUNDO.- En cumprimento do previsto no artigo 193.4 do TRLRFL, dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:23	Páxina 7 de 8
244-143	CSV: AFADB8-DD3745-C9EAE8-KZKD4E-J9X5UN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 244/143

TERCEIRO.- En cumprimento do previsto no artigo 193.5 do TRLRFL, remitir copia do expediente á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma antes de que finalice o mes de marzo de acordo os procedementos de remisión telemática que están previstos.

CUARTO.- En relación coa información a enviar ao Ministerio de Hacienda, estarase aos prazos previstos na LOEPSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvollen as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e na Disposición Final SEXTA das Bases de Execución do Orzamento.

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro, Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Alvarez

O CONCELEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira

Delegación por Resolución da Alcaldía do 18 e 26 de xuño de 2019 e da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, texto refundido do 04/09/2020



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/02/2023 12:23	Páxina 8 de 8
244-143	CSV: AFADB8-DD3745-C9EAE8-KZKD4E-J9X5UN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		